

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA

Artigo 1º Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa polo servizo de teleasistencia, que se adapta nas súas normas ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

O funcionamento do servizo rexerá polo convenio de data 9 de xuño de 1998, asinado entre a Deputación Provincial da Coruña, a FEMP e o INSERSO, e o convenio do 9 de marzo de 1999, asinado entre a Deputación Provincial da Coruña e a Consellería de Sanidade e Servizos Sociais da Xunta de Galicia, ós que o Concello de Cedeira se adheriu por acordo do Pleno de 13 de maio de 1999, e coas bases do servizo elaboradas pola Deputación Provincial da Coruña.

Conforme ós convenios antes citados e a base terceira c) das bases de funcionamento e o art. 79 da Lei 3/1993, de servizos sociais, da Xunta de Galicia, establécese a taxa polo servizo de teleasistencia.

A contía total da taxa calcúlase sobre a contribución conxunta da Deputación da Coruña e o Concello de Cedeira, cifrada nos citados convenios nun 20% do custo total do servizo (10% da Deputación e 10% do Concello), que segundo os datos para 1999 foi de 780 ptas./mes e usuario. Sobre ese total aplícase unha tarifa baseada na capacidade contributiva do suxeito pasivo.

Artigo 2º Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de teleasistencia, conforme dispoñen as bases do servizo elaboradas pola Deputación Provincial da Coruña.

Artigo 3º Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta ordenanza as persoas físicas e xurídicas, e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que soliciten ou se beneficien do servizo de teleasistencia.

Artigo 4º Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38. 1 e 39 da Lei xeral tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º Cota tributaria

A cota tributaria da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada nas tarifas contidas no artigo seguinte.

Artigo 6º Tarifas

As tarifas que se indican de seguido aplicaranse atendendo á media das rendas da unidade de convivencia dos suxeitos pasivos, para o que se aplicará a seguinte fórmula:

A renda per cápita será igual á totalidade dos ingresos da unidade de convivencia (salarios, pensións, prestacións de calquera natureza, intereses bancarios e ingresos por calquera outro concepto) menos os gastos de alugueiro ou amortización da vivenda habitual dividido polo número de persoas da unidade de convivencia:

Tarifas:

- Suxeitos con renda per cápita ata o 75% do SMI:

Exentos.

- Entre 75 e 100 por 100 do SMI: 390 ptas./mes (10% do custo total do servicio).

- Entre 100 e 125 por 100 do SMI: 585 ptas./mes (15% do custo total do servicio).

- Do 125 por cento do SMI en adiante: 780 ptas./mes (20% do custo total do servicio).

Artigo 7º Declaración, liquidación e ingreso

1.-A cota liquidarase semestralmente, prorrateándose por meses completos.

2.-Informado polos servicios sociais do inicio da prestación do servicio, con indicación da renda per cápita resultante, practicarase liquidación de alta que será notificada conforme dispón o art. 124 da LXT.

3.-As liquidacións posteriores á liquidación de alta, xunto cos prazos de ingreso, notificaranse colectivamente mediante anuncios publicados no Boletín Oficial da Provincia, conforme ó art. 124.3 da Lei xeral tributaria.

4.-As cotas liquidadas e non aboadas en período voluntario de cobranza esixiranse mediante o procedemento de constrinximento, co 20% da recarga.

Artigo 8º Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.